

ACTA NÚM. 18 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2015.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:35** do día **2 de decembro de 2015**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria urxente.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Dios Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Dona María José Tobar Quintanar.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Non asiste a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey.

Dona Ana Gago Fernández, **viceinterventora do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia da convocatoria.

2. Aprobación de suplemento de crédito 2015-SUPLE-03.

Alcalde: Imos dar comezo á sesión que estaba convocada para hoxe ás 16:30, co carácter de extraordinaria e urxencia.

Como sabedes a urxencia ven motivada pola necesidade destes acordos para a súa tramitación, e este é o motivo polo que non se puido esperar ao pleno ordinario da vindeira semana, como así lles comuniquéi aos portavoces.

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

Alcalde: Entón pasamos a ratificar a urxencia da convocatoria, non sei se queredes comentar algo, Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Si, moitas grazas señor alcalde, e moi boa tarde a todos e todas. Vou ser moi breve, porque simplemente pido a palabra para explicar a posición de voto do noso grupo neste punto.

Nós, dende o BNG, imos votar a favor do tratamento de urxencia da sesión plenaria de hoxe, porque tal e como comentaba o señor alcalde, por parte da alcaldía o que se trasladou ao noso grupo é que no caso de aprobar este modificativo de crédito no pleno ordinario do vindeiro día 7 de decembro, se podía incorrer nalgún tipo de problema cos prazos na xustificación de todo o que ten que ver co programa Urbana Norte, que como

saben ten unha dependencia de fondos FEDER, e polo tanto se podería incorrer en por en perigo a xustificación correcta en tempo e forma deses fondos.

Polo tanto, por parte do noso grupo imos apoiar a declaración de urxencia deste pleno, porque así se nos solicitou e porque nos pareceu o máis responsable dende unha perspectiva institucional, e o máis constructivo.

Agora ben, quixera que constase en acta, porque así o fixen tamén no anterior pleno extraordinario e urxente que se celebrou neste concello, que dende o punto de vista do noso grupo non concorren as circunstancias que realmente xustifican este tipo de convocatorias, no sentido de feitos sobrevidos, feitos extraordinarios ou doutro tipo de natureza. É certo, como di o alcalde, que a estas alturas do mes de decembro ou se fai así ou podemos ter un problema, e nese sentido ninguén discute, polo menos nós non discutimos a urxencia. Pero para min tampouco é menos certo que este mesmo punto se puido traer ao pleno ordinario do mes de novembro, incluso de outubro, ou se me descoido no de setembro. Polo tanto, nós, como digo, imos votar favorablemente, pero con ese matiz que nos gustaría que constase.

Don Francisco Reyes Santiás: Boa tarde a todos e todas.

O grupo municipal do partido socialista vai votar a favor da urxencia da celebración deste pleno, aínda que nós tamén entendemos que tal urxencia é moi matizable, no sentido de que isto se puido traer, dende logo, ao pleno do mes de novembro, e con toda seguridade incluso para o pleno do mes de outubro.

É certo que o señor alcalde nos fixo a petición da convocatoria deste pleno de urxencia, porque é certo que a estas alturas do ano, efectivamente, correrían perigo os fondos comunitarios que están vinculados ao programa de Urbana Norte, e por iso entendemos que ten que celebrarse este pleno, e neste caso ten que celebrarse de urxencia, pero non era imprescindible que se tivera que celebrar de urxencia. Nada máis, o noso voto vai ser favorable á celebración deste pleno.

Alcalde: Pasáramos a votar a ratificación da urxencia da convocatoria.

O pleno da corporación por unanimidade dos presentes ratifica a urxencia da convocatoria da presente sesión.

2. APROBACIÓN DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2015-SUPLE-03.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda, de data 25 de novembro de 2015, ten o seguinte contido:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2015-SUPLE-03 DE CONTÍA 653.157,67 € PARA GASTO CORRENTE (95.522,64 €) E INVESTIMENTOS (557.635,03 €) FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓN DA APLICACIÓN ORZAMENTARIA DE GASTO CORRENTE 030 93100 22706 (300.000,00 €) E DOUTRAS APLICACIÓN ORZAMENTARIAS INCLUÍDAS NOS PROXECTOS DE GASTO (2015/4/INFAC/5 DE CONTÍA 225.279,41 € e 2014/2/HUMUR/21 DE CONTÍA 127.878,26 €) CON CAMBIO DE FINALIDADE DE REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO PROCEDENTE DE PRÉSTAMOS NO CASO DO PROXECTO 2011/2/HUMUR/21.

Logo de ver os seguintes Informes-propostas e propostas que forman parte do expediente

Informe-proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-03, por unha contía de 4.356,00 €, asinado pola Xefa do servizo de Seguridade e Mobilidade (centro xestor 03), e Proposta do Concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 23 de novembro de 2015.

Proposta do Concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade de data 23 de novembro de 2015, co informe favorable da oficina orzamentaria, de acordo de Suplemento de crédito 2015-SUPLE-03 por unha contía de 95.522,64 €, que permita dar cobertura de crédito a unha relación de facturas pendentes de pagamento do centro xestor 07.

Proposta do Concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade de data 23 de novembro de 2015, co informe favorable da oficina orzamentaria, de acordo de Suplemento de crédito 2015-SUPLE-03 por unha contía de 203.581,23 €, que permita dar cobertura de crédito á liquidación das obras de urbanización do Polígono do SUNP-11 de Castiñeiriño, proxecto de gasto correspondente ao centro xestor 07.

Proposta do Concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial de data 23 de novembro de 2015, co informe favorable da oficina orzamentaria, de acordo de Suplemento de crédito 2015-SUPLE-03 por unha contía de 4.302,57 €, que permita dar cobertura de crédito a unha factura sen crédito no orzamento 2015 correspondente ao proxecto de gasto 2014-4-CVECI-73 correspondente ao centro xestor 35.

Informe- proposta de acordo de Suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-03, por unha contía de 60.347,27 €, asinado polo responsable do centro xestor Parques e Xardíns

(centro xestor 13), e Proposta do Concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 23 de novembro de 2015.

Proposta do Concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade de data 23 de novembro de 2015, co informe favorable da oficina orzamentaria, de acordo de Suplemento de crédito 2015-SUPLE-03 por unha contía de 19.334,50 €, que permita dar cobertura de crédito a unha factura sen crédito no orzamento 2015 correspondente ao proxecto de gasto 2014-4-SANEA-72 correspondente ao centro xestor 09.

Informe-proposta de acordo de Suplemento de crédito 2015-SUPLE-03, por unha contía de 265.713,46 €, asinado polo Técnico de Urbana Norte (centro xestor 27), e Proposta do Concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 13 de novembro de 2015.

Proposta de desestimento de saldo de crédito dispoñible por unha contía de 300.000,00 na aplicación orzamentaria de gasto corrente 030 93100 22706, proposta de desestimento de saldo de crédito dispoñible por unha contía de 225.279,41 € no proxecto de gasto 2015/4/INFAC/5 e uso do sobranse de crédito por importe de 127.876,26 € do proxecto de gasto 2014/2/HUMUR/21 con destino a cesión de crédito para o financiamento do expediente de Suplemento de crédito 2015-SUPLE-03, asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda, de data 23 de novembro de 2015.

Logo de ver que, segundo os informes que obran no expediente motívase que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte. De conformidade co establecido no artigo 12.1 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2014, esta Concellería, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPÓN a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-03 de contía 653.157,67 € con destino a gasto corrente (95.522,64 €) e para investimentos (557.635,03 €), financiado con baixas por anulación da aplicación orzamentaria de gasto corrente 030 93100 22706 (300.000,00 €) e doutras aplicacións orzamentarias incluídas nos proxectos de gasto 2015/4/INFAC/5 (225.279,41 €) e 2014/2/HUMUR/21 (127.878,26 €), con cambio de finalidade de remanente de

tesourería afectado procedente do préstamo Caixabank no que atinxe á cesión do crédito dispoñible do proxecto de gasto 2014/2/HUMUR/21.

Este expediente de Suplemento de Crédito 2015-SUPLE-03 terá o seguinte detalle:

A) Habilitación:

APLICACIÓN INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
050 15100 21000	URBANISMO. REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS		95.522,64
050 15100 60901	URBANISMO. OUTROS INVEST. NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2009 3 URBAN 1	96.855,92
050 23100 62200	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS		76.379,99
020 23104 62200	MOCIDADE. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS		19.840,85
050 45000 61900	INFRAESTRUTURAS. OUTROS INVEST. DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL		35.804,20
050 45900 60900	OUTRAS INFRAESTRUTURAS. OUTROS INVEST. NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL		33.259,31
050 92402 62200	PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS		3.573,19
050 15100 60902	URBANISMO. OUTROS INVEST. NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2013 2 SUN11 13	203.581,23
050 17100 60900	PARQUES E XARDÍNS. OUTROS INVEST. NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2013 3 PARUR 13	42.340,25
050 17100 60900	PARQUES E XARDÍNS. OUTROS INVEST. NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2014 4 PARQ 66	18.007,02
060 13300 62300	ORDENACIÓN DO TRÁFICO. MAQUINARIA, INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAXE	2014 4 BOLAR 69	4.356,00
050 45400 61900	CAMIÑOS VECIÑAIS. OUTROS INVEST. DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2014 4 CVECI 73	4.302,57
050 16100 61900	ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE. OUTROS INVEST. DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2014 4 SANEIA 72	19.334,50
TOTAL HABILITACIÓNS			653.157,67

B) Financiamento:

A.- Novos ingresos: 0,00 euros

B.- Baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias: 653.157,67 euros

APLICACIÓN MINORADA	DENOMINACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
030 93100 22706	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS		300.000,00
030 93100 64100	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. APLICACIÓN INFORMÁTICAS	2015 4 INFAC 5	225.279,41
050 15100 61900	URBANISMO. OUTROS INVEST. DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2014 2 HUMUR 21	127.878,26
TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN			653.157,67

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	0,00 euros
Total suplemento de crédito	653.157,67 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	0,00 euros
b) Baixas por anulación.....	653.157,67 euros
3.- Financiamento igual á Habilitación	653.157,67 euros

A concreción do financiamento por aplicación orzamentaria e proxecto de gasto concrétese no anexo I que se achega á presente proposta.

SEGUNDO: aprobación do cambio de finalidade do remanente de tesourería afectado procedente do préstamo Caixabank no que atinxe á cesión do crédito dispoñible do proxecto de gasto 2014/2/HUMUR/21 por importe total de 127.878,26 €.

TERCEIRO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do

resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Alcalde: Se fas defensa da proposta María Rozas.

Dona María Rozas Pérez: Boas tardes a todas e todos. Antes de comezar coa proposta a min me gustaria sinalar que non era posible traer isto a un pleno anterior, de feito, a detección do déficit orzamentario de varias obras que están neste suplemento de crédito, e así se recolle no informe de intervención, é de finais de outubro, e o informe de intervención aprobouse en Xunta de Goberno a principios de novembro. Así que dificilmente se podía traer a un pleno de outubro, setembro ou anterior.

Aclarado isto, traemos este expediente de suplemento de crédito, por un importe total de 653.157,67 euros, que se encadra no seguinte escenario. Por un lado, primeiro: Habilitar crédito para facer fronte a unha serie de facturas pendentes, que como indican diferentes informes do departamento de intervención, o 434/2015, o 568/2015 e o 680/2015, non teñen crédito nin aplicación orzamentaria adecuada. E segundo, propoñemos tamén habilitar crédito para unha serie de proxectos de obras que teñen un déficit orzamentario na estrutura do actual orzamento do 2015.

Estamos a falar, por unha banda, de 38 de facturas de datas marzo e abril de 2015, cuns importes que abarcan entre os 400 e os 3000 euros, cunha contía global de 95.522,64 euros. Estas facturas son facturas de pequenas obras de mantemento, barrido de esplanadas, de pequenas pavimentacións, en xeral de gasto de mantemento das vías públicas. Por outro lado, hai outro paquete de facturas, facturas a maioría delas de decembro de 2014 e algunha de agosto de 2014, por un importe global de 88.340 euros, que afectan a diferentes departamentos do Concello de Santiago. Afectan dende áreas de xogos infantís, abastecemento e saneamento á instalación de sensores de tráfico. Outro dos aspectos relacionados con este suplemento de crédito, como comentaba antes, é o que ten que ver coas melloras e coas liquidacións do 10%, rexistradas en diferentes contratos de obra.

Non existía ata o momento unha retención de crédito por ese 10%. Segundo indica o artigo 234 da Lei de contratos do sector público, no seu apartado 3 di que poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación, cando estas consistan na alteración, no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento de gasto superior ao 10% do prezo orixinario do contrato. E, así mesmo, na lei xeral orzamentaria 47/2003, no seu artigo 47, apartado 2, sinala que os contratos de obra de carácter plurianual, con excepción dos realizados, máis a modalidade de abono total do prezo, efectúarase unha retención adicional do teito do 10% do importe da adxudicación.

Así mesmo, neste sentido, no informe do departamento de intervención 730 relacionado coa SUNP-11, coa obra do SUNP-11, unha das afectadas por este expediente de modificación de crédito neste informe de data 19 de outubro di que de oficio comezarase a efectuar pola intervención esa retención do 10% sobre as contías adxudicadas en cada obra, máis resalta que non é o caso da obra que nos ocupa o Sunp-11, nin das obras en tramitación, porque ata o momento non se facía esa retención de crédito.

Nesta situación de déficit do orzamento de 2015 atópanse o SUNP-11, por un importe de 203.581 euros, e atopanse outra serie de obras, como son o acceso de zonas altas Santa Clara-Basquiños, a reurbanización Caramoniña-Escultor Asorey, a reurbanización Caramoniña-Espazo libre, a posta en marcha do catalizador, a nave xove-creación cultural, Vista Alegre, Centro Cívico do Romáño e Quiroga Palacios.

Entón, e á vista da necesidade de asumir o pagamento de facturas anteriormente relacionadas e do resto de obrigas, de pagar aos provedores sen que nos poidamos demorar máis por isto, trátase dunhas obrigas derivadas dun compromiso de gasto, ou ben neste exercicio ou en exercicios anteriores. Por iso facemos a proposta ao pleno de habilitar crédito no vixente orzamento municipal, e de tramitar este expediente de modificación de crédito despois de avaliadas, estudadas e descartadas outras posibilidades, indicado así polo departamento de intervención de que esta é a única alternativa para facer fronte a estes gastos.

As aplicacións que propoñemos aminorar son un sobranse que existe nunhas obras de ..., así como aplicacións orzamentarias da área de facenda con cargo a recursos ordinarios, que son aplicacións informáticas e traballos realizados por outras empresas.

Don Rubén Cela Díaz: Eu antes de nada quixera facer unha consideración de carácter xeral a respecto deste punto. Ao pouco de tomar posesión, o novo grupo de goberno facía un anuncio público que a min me parecía totalmente razoable, e era que o novo grupo de goberno tiña de intención no curto prazo de tramitar un expediente de modificación de crédito, ese anuncio fíxose en varias ocasións, e está nas hemerotecas.

Ao noso grupo parecíanos totalmente razoable esa proposta, dende a perspectiva de que había un novo grupo de goberno que tiña que xestionar o orzamento doutro goberno, e polo medio ademais un proceso electoral, co que por desgraza moitas veces conlevan eses procesos electorais nas tramitacións internas das administracións públicas. Polo tanto, a nós parecíanos razoable, e sobre todo atendendo ás circunstancias concretas deste concello, parecíanos que non só era razoable, senón que cuase que era imprescindible, porque permitiría ao novo grupo de goberno poder adicar partidas das que se tiña constancia que non se ían executar no que quedaba do exercicio para outro tipo de fins que realmente eran urxentes e importantes para a cidade. En concreto

citaban vostedes casos como os dos desbroces, que non había partida orzamentaria, ou como o tema do rebacheo, poderíanse por outros cantos enriba da mesa. En calquera caso eu creo que era razoable, e que estaría ben.

Finalmente ese modificativo de crédito non chegou a debaterse neste pleno ata o día de hoxe, o que é evidente que o modificativo que se plantexa hoxe é doutra natureza. Da natureza de poder resolver toda unha serie de problemas que neste caso é evidente que veñen herdados do pasado, e que corresponden exclusivamente como acaba de comentar a concelleira, tanto co pagamento dunha serie de obras, ás que despois me referirei, como á falta de dotación do 10%. Tanto no caso das obras de Urbana como do SUNP-11 do Castiñeiriño. Neste sentido, eu comento isto porque creo que certamente houbo oportunidade de poder habilitar créditos para actuacións que eu creo que terían sido importantes para a cidade.

A segunda consideración que quixera facer, bueno, o noso grupo, e ao ter reiterado aquí ao longo dos últimos anos, ten claro que os servizos prestados hai que pagalos, con independencia de dúas cuestións que non son menores: Primeiro, con independencia da consideración política que poidamos facer da oportunidade dese gasto, e con independencia dos erros intencionados ou non intencionados que poida haber na tramitación deses gastos.

Por que digo isto, porque de non facelo así, o concello estaría incurrindo nunha situación de enriquecemento indebido, e polo tanto, con independencia de que evidentemente o BNG non lle guste en absoluto ter que respaldar un modificativo de crédito para pagamento de 38 facturas que casualmente son todas menores de 3000 euros, que só se contratan con seis empresas, e que son en período, precisamente, preelectoral. O que é evidente, ou quero entender que é evidente, é que esas actuacións se fixeron e que hai que pagalas, entón nese sentido é unha cuestión que para nós non ten moita discusión.

Outra parte ten que ver co tema dos fondos. Eu creo que o que non é xustificable de ningunha maneira é que unha vez que se conseguen fondos doutras administracións públicas para financiar ou cofinanciar actuacións en Santiago, que por unha cuestión de mala xestión ou por unha cuestión de prazos, ou por unha cuestión estritamente burocrática se poidan por en perigo eses fondos, que costa moito traballo conseguilos.

Nese sentido, nós temos amosado a nosa preocupación nos últimos anos, e de xeito reiterado, tanto pola situación da depuradora da Silvouta ou do Souto, precisamente no sentido de que ese .. da ubicación non puidera comprometer, como xa comprometeu unha vez, que non o faga unha segunda vez, os fondos comunitarios, como no caso de Urbana Norte, que non houbera problemas polos cambios que se puideran realizar na execución do mesmo, no que tería que ver coa súa debida xustificación, e polo tanto que

non houbera problemas á hora de cobrar os gastos comprometidos por parte dos fondos FEDER.

Nese sentido, nós tamén e en aras, de que non exista ningún problema por iso, tamén nos parece oportuno a proposta deses 266 mil euros, polo 10% adicional en concepto de certificación final nos contratos de obras, e parécenos correcto, tanto no caso dos proxectos que mencionou a concelleira, no caso de Urbana Norte como no caso do SUNP-11 do Castiñeiriño, e por eses motivos votaremos a favor deste modificativo de crédito.

Don Francisco Reyes Santiás: Moitas grazas señor alcalde, e novamente boa tarde compañeiras e compañeiros de corporación. A min gustárame facer algunhas consideracións previas. A primeira é chamar a atención de algo que fai referencia ao tema da conceptualización destes extraordinarios, das diferentes convocatorias, porque no seu momento ao noso grupo se lle comunica que non se vai convocar a Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, porque non había cuestións para levar adiante, e tres días máis tarde se fai unha convocatoria extraordinaria onde se levan nin máis nin menos que catro puntos, un deles o que agora estamos a debater, polo tanto, home isto, previsión, previsión, non é exactamente.

A segunda consideración é que xa estamos no mes de decembro, e estamos aínda á espera da presentación por parte do goberno do plan económico-financeiro, plan económico-financeiro cuxa obriga de presentalo reitera un informe de intervención que precisamente acompaña un dos puntos dos que se deu conta na última comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, a extraordinaria á que me estaba a referir, e polo tanto, a nós gustaríanos saber cando se vai traer a este pleno o plan económico-financeiro.

A terceira consideración fai referencia a unhas valoracións que se fan dende o informe de intervención, no que explicita claramente a intervención, que non se poñan nas súas verbas determinadas cuestións. Fai referencia isto ao expediente, ás facturas referidas, ao expediente de aplicación 0501510021000, no que din que non é intervención, a que di que o que hai que facer é un recoñecemento extraxudicial de crédito, senón que o primeiro que hai que facer é levantar o reparo, reparo que se levantou, pero a nós gustaríanos comentar, que home, para facilitar a labor de control da oposición e non ter que revisar e contrastar os diferentes reparos recollidos na documentación das xuntas de goberno, para nós tería sido importante. Simplemente unha notificación dicindo que os reparos estaban levantados, así tería sido máis fácil facer o seguimento.

Dito isto, hai que recoñecer que o expediente de modificación, neste caso suplemento de crédito que trae hoxe o goberno a este pleno, hai que dicir, que estamos nesta situación,

porque hai que recoñecer que o anterior goberno non seguiu o procedemento administrativo debido.

É certo que nos atopamos con 38 facturas de menos de 3000 euros por traballos de natureza similar, e repartidas entre seis empresas, que a maioría destas facturas, polo que indica o informe da intervención, refírense a obras realizadas con contratos que se poderían considerar como verbais, ordes verbais.

E si que me gustaría hoxe lembrar aquí, chamar á memoria, porque a todos lles poden soar as críticas recibidas polos gobernos de progreso, por parte neste caso do goberno do Partido Popular, cando existían facturas por orde verbal dun concelleiro. Nós non imos cuestionar que se tiveran que realizar esas obras, nós dende logo non cuestionamos que as obras se realizaran, e nós dende logo non cuestionamos que se teñan que pagar, porque de non pagarse, efectivamente, estaríamos diante dunha situación de enriquecemento inxusto.

Polo tanto, nós imos ter unha actitude, neste sentido, completamente distinta a que se tivo no seu momento. Nós por responsabilidade, claramente, imos votar a favor desta modificación, neste caso suplemento de crédito, e quero dicir que vamos votar primeiro para evitar esa situación de enriquecemento inxusto e en segundo sumámonos tamén á consideración que facía o compañeiro, neste caso do BNG, que nós entendemos que o que non se pode é poñer en risco a posibilidade de cobrar as contías debidas por parte dos fondos comunitarios, neste caso de Urbana Norte.

Polo tanto, o voto do Partido Socialista vai ser favorable, e tamén quero dicir que nós tamén tiveramos entendido que sería lexítimo que este goberno tivera traído ao pleno unha modificación orzamentaria no caso de que entendera que, dado que herdaba un orzamento que non era o seu, pois entendía que tivera que facer algunhas priorizacións diferentes ás que fixo o anterior goberno. Entón nós, aínda que isto se tivera traído no mes de outubro ou no mes de novembro, con esa natureza, nós tamén o teríamos entendido.

Por todo o anterior, o grupo socialista vai votar a favor desta modificación de crédito, suplemento de crédito. Máis nada e moitas grazas.

Don Manuel Martínez Varela: Boas tardes alcalde, concelleiros e concelleiras.

Nós, neste punto vou ser breve, e vou simplemente indicar que unha modificación de crédito como a que se trae hoxe é unha cuestión de mera xestión ordinaria.

Falouse por parte da concelleira que se esgotaron todas as posibilidades legais para contabilizalo, esperemos que sexa así, porque nese punto si que podemos dicir que igual

temos algunha dúbida, pero bueno, non temos acceso a todos os datos, entón non imos manifestar nada en contra.

Si que temos que sinalar con relación ao que son as facturas, cando se fixo referencia a que eran contratos verbais. Hai que lembrar que os contratos menores simplemente requiren a aprobación da factura, a incorporación da factura ao expediente. Neste caso, este tipo de actuacións foron actuacións que se levaron a cabo sempre baixo un informe previo por parte da policía local unha vez que existía un risco para a seguridade vial, non foron actuacións aleatorias, e tampouco hai que dicir que a contía, que son 95 mil euros, se poida sinalar como un gasto electoral, porque con 95 mil euros non se pode falar dunha actuación electoral, é o 0,09% do orzamento. Neste punto, recalco, previamente a ese tipo de actuacións existían informes da policía local, porque existían accidentes previos. Actuouse con responsabilidade nese punto. O contrato que existía para este tipo de actuacións estaba esgotado, e era necesario iniciar un novo contrato, pero xa coincidiu co período final do mandato.

E con respecto ao tema do 10%, simplemente sinalar que é unha posibilidade, como se apuntou pola concelleira, que está prevista legalmente, sobre a cal xa se manifestou reiteradamente a xunta consultiva de contratación administrativa, sinalando, incluso, que resultan inevitables, polo que se prevé a posibilidade de abonalas sen necesidade de recorrer a modificación contractual algunha.

E no tocante á Lei 47/2003, á Lei xeral orzamentaria, esta é unha lei que non é de aplicación preferente ás entidades locais, xa o marca o seu artigo 4, e si que se aplicará no caso de que se entenda que é dereito estatal de carácter supletorio, entón, neste punto, por unha cuestión ademais de que os gastos os fixemos nós, e por unha cuestión de responsabilidade, nós imos votar a favor.

Alcalde: Pasáramos á votación señor secretario.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes e á vista do ditame da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas de data 1 de decembro de 2015, e da proposta transcrita ao inicio, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito nº 2015-SUPLE-03 de contía 653.157,67 € con destino a gasto corrente (95.522,64 €) e para investimentos (557.635,03 €), financiado con baixas por anulación da aplicación orzamentaria de gasto corrente 030 93100 22706 (300.000,00 €) e doutras aplicacións orzamentarias incluídas nos proxectos de gasto 2015/4/INFAC/5 (225.279,41 €) e 2014/2/HUMUR/21 (127.878,26 €), con cambio de finalidade de remanente de

tesourería afectado procedente do préstamo Caixabank no que atinxe á cesión do crédito dispoñible do proxecto de gasto 2014/2/HUMUR/21.

Este expediente de Suplemento de Crédito 2015-SUPLE-03 terá o seguinte detalle:

A) Habilitación:

APLICACIÓN INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
050 15100 21000	URBANISMO. REPARACIÓNS, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS		95.522,64
050 15100 60901	URBANISMO. OUTROS INVEST. NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2009 3 URBAN 1	96.855,92
050 23100 62200	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS		76.379,99
020 23104 62200	MOCIDADE. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS		19.840,85
050 45000 61900	INFRAESTRUTURAS. OUTROS INVEST. DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL		35.804,20
050 45900 60900	OUTRAS INFRAESTRUTURAS. OUTROS INVEST. NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL		33.259,31
050 92402 62200	PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS		3.573,19
050 15100 60902	URBANISMO. OUTROS INVEST. NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2013 2 SUN11 13	203.581,23
050 17100 60900	PARQUES E XARDÍNS. OUTROS INVEST. NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2013 3 PARUR 13	42.340,25
050 17100 60900	PARQUES E XARDÍNS. OUTROS INVEST. NOVOS EN INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2014 4 PARQ 66	18.007,02
060 13300 62300	ORDENACIÓN DO TRÁFICO. MAQUINARIA, INSTALACIÓNS TÉCNICAS E UTILLAXE	2014 4 BOLAR 69	4.356,00
050 45400 61900	CAMIÑOS VECIÑAIS. OUTROS INVEST. DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2014 4 CVECI 73	4.302,57
050 16100 61900	ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE. OUTROS INVEST. DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2014 4 SANEA 72	19.334,50
TOTAL HABILITACIÓNS			653.157,67

B) Financiamento:

A.- Novos ingresos: 0,00 euros

B.- Baixas por anulación doutras aplicacións orzamentarias: 653.157,67 euros

APLICACIÓN MINORADA	DENOMINACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
030 93100 22706	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS		300.000,00
030 93100 64100	POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL. APLICACIÓN INFORMÁTICAS	2015 4 INFAC 5	225.279,41
050 15100 61900	URBANISMO. OUTROS INVEST. DE REPOSICIÓN DE INFRAESTRUTURAS E BENS DESTINADOS AO USO XERAL	2014 2 HUMUR 21	127.878,26
TOTAL FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN			653.157,67

C) Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	0,00 euros
Total suplemento de crédito	653.157,67 euros
2.- Financiamento	
c) Novos ingresos.....	0,00 euros
d) Baixas por anulación.....	653.157,67 euros
3.- Financiamento igual á Habilitación	653.157,67 euros

A concreción do financiamento por aplicación orzamentaria e proxecto de gasto concrétase no anexo I que se achega á presente proposta.

SEGUNDO: Aprobación do cambio de finalidade do remanente de tesourería afectado procedente do préstamo Caixabank no que atinxe á cesión do crédito dispoñible do proxecto de gasto 2014/2/HUMUR/21 por importe total de 127.878,26 €.

TERCEIRO: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do

resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 17 horas do día da data, do que, como vicesecretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O vicesecretario,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández